

1.- DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

- **Denominación:** XXV Subida ao Castro Barbudo e VII Andaina da Subida.
- **Organizador:** Peña Cicloturista Castro Barbudo.
- **Colabora:** Concello de Rianxo
- **Data:** Domingo, 6 de setembro de 2026
- **Hora:** 9 a 14 h.
- **Localidade Saída:** Campo de Pasos - Taragoña (Rianxo)
- **Localidade Chegada:** Campo Maneiro – Taragoña (Rianxo)
- **Modalidade:** Evento deportivo afeccionado
- **Categoría:** maiores de 18 anos. De 14 a 18 con autorización

2.- REGULAMENTO DA PROBA

1. A Peña Cicloturista Castro Barbudo, en adiante Peña, coa colaboración do Concello de Rianxo, en adiante Concello, organiza a XXV Subida ao Castro Barbudo en bicicleta de montaña e, *simultaneamente, a VII Andaina da Subida*, que se celebrarán o domingo 6 de setembro de 2026 con saída de Campo de Pasos –Taragoña e chegada ao Campo Maneiro. A saída darase as 09:00 horas.
2. A ruta encádrase como proba de *Cicloturismo-BTT/Andaina*, e é un exercicio físico con fin lúdico, turístico e cultural, o que exclúe expresamente a competición.
3. Todas as persoas inscritas na proba terán a consideración de participantes en excursión persoal, e deben aterse ás normas establecidas polo vixente código de circulación, e serán persoalmente responsables das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada, polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na marcha será de 18 anos e a idade máxima de 75 anos. Os que teñan 14 anos ou máis, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor, xunto cunha copia do DNI da persoa que a autoriza.
5. A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puideran contraer os participantes durante o percorrido.
6. Será imprescindible o uso do casco para participar na marcha.
7. So será considerada participante da XXV Subida ao Castro Barbudo e VII Andaina da Subida, a persoa que cubra total e correctamente a inscrición a

través da páxina emesports.es

8. As comunicacións realizaranse pola páxina da Peña: www.castrobarbudo.com ou polo Facebook: www.facebook.com/castrobarbudoPC
9. O prezo da inscrición será de 18 €. O pagamento deberá facerse no momento de formalizar a inscrición.
10. *A organización limitará a participación a un máximo de 220 deportistas entre a proba de BTT e a andaina.*
11. As inscricións consideraranse definitivas, polo que unha vez rematado o prazo de inscrición non se realizará a devolución do seu importe, incluso no caso de que a persoa non poida participar finalmente na actividade.
12. As inscricións abriranse o luns día 3 de agosto de 2026 e pecharanse o xoves 3 de setembro de 2026 ás 23:59 h ou cando a organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
13. O participante, coa súa inscrición, manifesta encontrarse fisicamente apto para a proba.
14. Estableceranse puntos de control, que estarán debidamente sinalizados, onde se deberá pasar antes dunhas hora prefixada. No caso de superar os horarios, a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
15. A organización disporá durante o transcurso da marcha dos servizos de asistencia sanitaria, ambulancia e Protección Civil.
16. Disporase de avituallamentos dentro do percorrido da marcha.
17. Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas ao rematar a proba.
18. A Peña garante o pleno cumprimento da Lei orgánica de protección de datos (LOPD); a persoa inscrita queda informada e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na Peña, ao seu tratamento para a súa utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais. A persoa inscrita pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixido á Peña, ao acceso, rectificación ou cancelación destes datos.
19. O feito de inscribirse na marcha supón a aceptación do presente regulamento e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, patrocinadores e colaboradores dos danos que poida sufrir no seu transcurso.
20. A actividade ten un seguro de responsabilidade civil con 900.000 € de indemnización máxima por sinistro, cun sublímite por vítima de 150.000€ . Asemade, cóntase cun seguro de accidentes colectivos co límite de ata 12.000 € contra invalidez, 6.000 € contra morte e asistencia sanitaria ilimitada.
21. A aceptación deste regulamento implica obrigatoriamente que a persoa inscrita autoriza a gravación total ou parcial da súa participación na subida/andaina por parte da organización e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e a difusión da proba de todos os xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, internet e redes sociais...), polo que cede todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito a recibir compensación algunha.